



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TEO

*1ª Modificación Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de aluguer*

#### EDICTO

**Aprobación definitiva da 1ª modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de aluguer.**

Elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación municipal en sesión celebrada en data 25/10/2012, polo que se aprobou inicialmente a 1ª modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de aluguer, por non se ter presentado reclamacións dentro do período de exposición pública, procédese á súa publicación de conformidade co establecido no artigo 17, apartados 3 e 4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL):

#### **1º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER**

##### **Artigo 1.- Modificación do artigo 2.-feito imponible.**

Se modifica a redacción do artigo 2 da ordenanza fiscal vixente, que queda redactado como segue:

“Constitúen o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades administrativas tendentes á expedición das licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e en concreto:

- a) a tramitación administrativa necesaria para a expedición de licenzas.
- b) A tramitación administrativa necesaria para conceder autorizacións para a transmisión de licenzas cando proceda o seu outorgamento con arranxo á lexislación vixente.”

##### **Artigo 2.-Modificación do artigo 5.-cota tributaria**

Se modifica a redacción do artigo 5 da ordenanza fiscal vixente, que queda redactado como segue:

“A cota tributaria é unha cantidade fixa, en función do tipo de licenza a conceder:

1.-Pola actividade administrativa de tramitación da expedición da licenza de calquera clase: 200€

2.-Pola actividade administrativa de tramitación da transmisión de licenzas:

- a) intervivos: 100€
- b) mortis causa: 100€.

Non está incluído no importe da cota tributaria por expedición de licenzas o cánon que os adxudicatarios da licenza deben aboar pola concesión administrativa e que se determinará nos correspondentes pregos de condicións para o outorgamento das novas licenzas. “

Teo, 18 de decembro de 2012.

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez